


CAMPAMENTO

MARINAVENTURATE 24,

CONCELLO DE VIANA DO BOLO

PINCHACARNEIRA



ISTO QUE É?

Isto é un novo plan de aventuras no que nos embarcamos en conxunto o Concello de Viana do Bolo e Pinchacarneira. Coa única misión de ofertar un plan de convivencia e diversión, sumar unha experiencia marabillosa na mochila de vida d@s nos@s rapaces/as.

1



2 Quen pode participar?

Nenas e nenos, rapaces e rapazas nad@s entre o 2008 e o 2016, inclusive. Empadronad@s en Viana do Bolo. No caso de sobranse de prazas abrirase a rapaces/as matriculad@s no Ceip Bibei e no IES Carlos Casares (que non estén empadroad@s en Viana), e por último ao resto de rapaces/as externos/as.

3 Onde e Cando?

No campamento Xuvenil de Marina Española- Sada, A Coruña.

En dúas quendas agrupad@s por idades: **1 ao 4 de setembro** rapaces/as de 2º a 5º de primaria. **Do 4 ao 7 de Setembro** rapaces/as de 6º a 4ºE.S.O.

NÚMERO DE PRAZAS POR QUENDA: 35. (A organización resérvase o dereito de reaxustar grupos se fose preciso por cuestión de prazas, previo aviso/consulta ás familias).

Unha instalación moi completa, que nos ofrece moitas posibilidades: PRAIA, PISCINA, DEPORTES, NATUREZA.. Unha experiencia máxica e irrepitible, como peche de verán.

4 Que faremos?

ACTIVIDADES NÁUTICAS E DE PRAIA. aventura e natureza: PISCINEO QUE TE VEO, slackline, tiro con arco, cometas, rastrexos, orientación, xincana de aventuras, xincana acuática, ; olimpiada de xogos tradicionais, MISIÓN IMPOSIBLE AS CATEDRAIS, deportes alternativos, diverpraia, concurso de talentos, ACTIVIDADES NOCTURNAS, DISCOTECA. E por enriba de todas esta aventura..faremos grupo, convivencia e familia!

5 Como me apunto e canto me costa?

O prazo de inscrición é do luns día 10 de Xuño ás 9.00 da mañá ao luns día 17 de Xuño ás 14.00h. As prazas son Limitadas, e adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición, con rexistro de entrada ben sexa de xeito presencial ou telemático a través da sede electrónica do Concello.

Debes entregar o formulario de inscrición debidamente cuberto a través da sede ou de xeito presencial, nos servizos sociais (CIM). Unha vez rematado o prazo confirmaranse as prazas e procederase ao pago e a entrega de documentación (DNI e Tarxeta SS).

O importe do campamento é de 120€ TODO INCLUÍDO. Sendo 100€ o importe para irmáns/ irmás consecutiv@s.